

2.3.- REGULAMENTO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE CONXO

Publicado no BOP de A Coruña do 11 de agosto de 2004.

Artigo 1º . Obxecto

Este regulamento ten por obxecto establecer os dereitos e os deberes dos usuarios e usuarias, as normas de funcionamento e os aspectos de réxime interior da Escola Infantil Municipal (EIM) de Conxo , denominada "A escola de MIN" , segundo as determinacións da Lei 4/1993, do 14 de abril de servizos sociais, do Decreto 243/95, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos centros de servizos sociais, e demais normativa de aplicación.

DOS DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS E DAS USUARIAS

Artigo 2º . Dereitos dos usuarios e das usuarias

Todos os usuarios e usuarias, por si ou a través dos seus representantes legais ostentan os seguintes dereitos:

- Ao acceso ao centro e a recibir a asistencia dese, sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Á consideración no trato, debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do centro como dos demais usuarios e usuarias.
- Ao sixilo profesional acerca dos datos do seu historial social e sanitario.
- A saír do centro acompañados/as por unha persoa adulta, que en todo caso deberá contar coa autorización escrita por parte dos seus representantes legais.
- A unha asistencia individualizada acorde coas súas necesidades específicas.
- Á intimidade persoal en función das condicións estruturais do centro e dos servizos.
- A que se lles facilite o acceso a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.
- A deixar de utilizar os servizos ou abandonar o centro.
- Á información diaria polo persoal do centro dos acontecementos vividos polo menor.
- A asociarse co obxecto de favorecer a participación na programación e no desenvolvemento das actividades do centro.
- A realizar visitas ás instalacións e entrevistas persoais antes de comezar cada curso escolar e ao longo do curso cando así o soliciten e sen entorpecer o transcurso normal das actividades.

Artigo 3º . Deberes dos usuarios e das usuarias

Todos os usuarios e usuarias, teñen as seguintes obrigas:

- Pagar as taxas que se determinen regulamentariamente.
- Cumprir as normas sobre utilización do centro ou servizo establecidas no regulamento.

- Observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar una mellor convivencia.
- Participar na vida do centro, de acordo co que dispón este regulamento.

SOBRE A ADMISIÓN E A BAIXA NO CENTRO

Artigo 4º . Condicións xerais

a) Idade de ingreso

A idade mínima de ingreso queda establecida nos tres meses, salvo situacións especiais e logo do informe do Departamento de Educación e Mocidade.

b) Período de adaptación

Antes do inicio do curso, o persoal da Escola poñerase en contacto coa familia para explicarlle o desenvolvemento do período de adaptación, para o que se requirirá a asistencia dalgún familiar ou persoa coidadora acompañando o neno ou nena á Escola Infantil co obxecto de facilitar a súa transición da vida familiar á escolar.

c) Incorporación á Escola

Iniciado o curso, se no prazo de dez días naturais non se producira a incorporación dunha nena ou neno matriculado, o Departamento de Educación do Concello de Santiago poñerase en contacto coa familia. Se non se encontran razóns xustificadas, a non incorporación no prazo de tres días, suporá a súa baixa definitiva.

d) Altas e baixas

Estarán en situación de alta aqueles usuarios/as que formalizasen o procedemento anual de matrícula.

As baixas que se produzan ao longo do curso escolar serán cubertas atendendo ás listas de espera da Escola Infantil. Para a elaboración da lista terase en conta, unha vez atendidas as necesidades horarias dos alumnos/as matriculados no centro, en primeiro lugar, as solicitudes que, presentadas en prazo, non obtiveran praza e, a seguir, o resto de solicitudes segundo a orde da data entrada no Rexistro Xeral do Concello de Santiago.

Rematado o segundo trimestre do curso escolar só se atenderán solicitudes de admisión para casos de especial necesidade de atención, traslado familiar de residencia ou por modificacións da situación laboral do pai ou da nai.

A baixa na Escola Infantil solicitarase mediante escrito asinado pola nai e/ou pai ou titores/as dirixido ao Departamento de Educación e Mocidade e terá efectos a partir do mes seguinte ao da comunicación.

Causarase baixa na EIM de Conxo por algunha das circunstancias seguintes:

1. Por cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.
2. Por solicitude dos pais ou representantes legais.
3. Pola falta de pagamento da cota establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar ao que se refire a débeda.
4. Por comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.
5. Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.
6. Por falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.

As baixas comprendidas nos apartados 5 e 6 resolveraas, unha vez oída a dirección do centro e os representantes legais do neno/a, o Departamento de Educación e Mocidade.

e) Ausencias

Requirirase un informe razoado da familia cando se produza unha falta non xustificada de asistencia ou uso dos servizos superior a cinco días lectivos consecutivos.

As ausencias xustificadas superiores a dous meses poderán dar lugar á baixa definitiva do neno/a en función das circunstancias que concorran, agás nos casos de nenos/as que, con praza adxudicada, non teñan a idade mínima para acceder á EIM aos que se poderá reservar a praza durante tres meses, nos que estará en situación de alta.

f) Uso ocasional do comedor

As nenas e nenos non matriculados no comedor poderán facer uso del ocasionalmente por razóns xustificadas e se houbese algunha vacante. Deberase solicitar na Escola Infantil ao inicio da xornada e pagar o importe da tarifa que, en cada caso, corresponda.

g) Suspensión temporal da cota

Non terán a obriga de pagar a cota durante os seguintes períodos:

- a) O mes de vacacións anual do neno/a.
- b) Cando, por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais, o centro permaneza pechado un período superior a quince días.
- c) Cando, por causa debidamente xustificada, o neno/a deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, achegarase unha solicitude de suspensión de cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, ante o Departamento de Educación e Mocidade, que resolverá sobre a procedencia da suspensión.
O suxeito obrigado estará exento de pagar a cota mensual desde o primeiro día do

segundo mes natural seguinte ao da data de ausencia ao centro. A suspensión da cota durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación do neno/a ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50 por cento.

A ausencia non poderá ser superior a 3 meses. En caso dunha ausencia superior, o neno/a causará baixa, aínda que se lle dará preferencia na lista de espera e a posibilidade de reserva de praza para o curso seguinte coas limitacións derivadas dos grupos xa existentes e das prazas vacantes.

Artigo 5º . Solicitudes de ingreso

1. As solicitudes de novo ingreso tramitaranse no modelo oficial e presentaranse, no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela.

2. Documentos que cómpre achegar:

- Impreso de inscrición.
- Certificado de empadramento.
- Libro de familia ou Cartilla de familia numerosa.
- DNI da persoa solicitante
- Acreditación de situacións familiares que incidan na valoración da solicitude:

Certificacións de traballo, nas que se faga constar o lugar.

Certificacións de estar estudando, nas que se faga constar horario e lugar.

Informe dos Servizos Sociais nos supostos en que sexa necesario por falta de acreditación documental suficiente ou pola situación especial en que viva a unidade familiar.

Documentación acreditativa de situacións como: separación de feito do/a cónxuxe, abandono do fogar, certificación de convivencia e xustificante de calquera outra circunstancia sociofamiliar alegada.

Xustificante de que a tutela do neno ou da nena está atribuída a unha soa persoa.

Calquera outro xustificante que se considere de interese para os efectos da valoración.

- Xustificación de haberes:

Declaración do IRPF ou certificación de exención, de ser o caso.

Certificación positiva ou negativa da percepción de prestación económica do INEM.

- Certificación expedida polo organismo competente sobre o grao de minusvalidez e certificación médica de enfermidade ou deficiencias alegadas polos membros da unidade familiar.

- Informe do organismo competente sobre a necesidade de integración, en caso de nenos ou nenas con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais.

Artigo 6º . Normas de matriculación

A nena ou o neno deberá estar empadroado no municipio de Santiago de Compostela.

Para formalizar a matrícula, os admitidos/as terán que achegar, dentro dos quince días seguintes á notificación da admisión:

- Dúas fotografías.

- Fotocopia do calendario de vacinas da cartilla de saúde infantil, acompañada do orixinal para cotexalo.

- Informe do/a pediatra do neno/a no que conste que non padece enfermidade infecto-contaxiosa e no que se indiquen as alerxias, en caso de existir, a algún tipo de alimento, medicamento, ou outros que se consideren.

- Xustificante de pagamento da matrícula.

Despois da matriculación, en caso de haber vacantes, cubriranse atendendo á seguinte orde de admisión:

-Lista de espera da Escola Infantil.

-Por orde de entrada no Rexistro Xeral, as solicitudes presentadas fóra de prazo.

Artigo 7º . Valoración das solicitudes

A valoración efectuarase consonte a normativa de referencia da Comunidade

Autónoma de Galicia e vixente en cada momento. Se o número de solicitudes

superase ao de prazas, establecerase unha orde de admisión preferente en

función da puntuación alcanzada atendendo aos seguintes criterios:

1. Situación sociofamiliar

1.1. Por cada membro menor de 18 anos a cargo da unidade familiar, incluído o neno/a para o que se solicita praza: 4 puntos.

1.2. Por cada membro maior de 18 anos a cargo da unidade familiar, sen ingresos económicos, agás os pais ou titores do neno/a para o que se solicita a praza: 4 puntos.

1.3. Por discapacidade física, psíquica ou sensorial, enfermidade crónica que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia (segundo o grao):

Pai: ata 5 puntos.

Nai: ata 5 puntos.

Outros membros da unidade familiar: ata 5 puntos.

1.4. Pola condición de familia monoparental: 6 puntos.

1.5. Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parenterais: 12 puntos.

1.6. Por irmán/á(s) con praza renovada no centro: 5 puntos.

1.7. Pola condición de familia numerosa: 6 puntos.

1.8. Calquera outra circunstancia sociofamiliar que sexa susceptible de valoración ao xuízo da Comisión e adecuadamente acreditada: ata 5 puntos.

2. Situación laboral familiar

2.1. Situación laboral de ocupación de ámbolos dous membros parentais: 8 puntos.

2.2. Situación laboral de desemprego sen prestación económica:

Pai: 4 puntos.

Nai: 4 puntos.

2.3. Situación laboral de desemprego con prestación económica:

Pai: 3 puntos.

Nai: 3 puntos.

2.4. Traballos sen cualificar fóra do fogar, sen percepción económica fixa:

Pai: 3 puntos.

Nai: 3 puntos.

No caso de familias monoparentais, adxudicaráselles a puntuación do epígrafe correspondente computando por dous, exceptuado o punto 2.1, no que a puntuación da familia monoparental asimilárase á formada por dous membros.

3. Situación económica

Renda per cápita mensual da unidade familiar, referida ao salario mínimo interprofesional vixente:

-Inferior ao 50% do salario mínimo interprofesional (SMI): +3 puntos.

-Entre o 50% e o 75% do SMI: +2 puntos.

-Superior ao 75% e inferior ao 100% do SMI: +1 punto.

-Entre o 100% e o 125% do SMI: -1 punto.

-Superior ao 125% e inferior ao 150% do SMI: -2 puntos.

-Superior ao 150% do SMI: -3 puntos.

* En caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per capita máis baixa e á proximidade ao centro do domicilio ou do traballo do pai / nai.

Terán acceso directo á Escola Infantil de Conxo:

1- As nenas e nenos que renoven matrícula.

2- Os nenos e nenas que procedan de situacións familiares con especial necesidade de atención.

As situacións alegadas deberán ser xustificadas documentalmente de maneira detallada e o Departamento de Educación e Mocidade valorará en cada caso se procede a condición de acceso directo, e estará sometida ás limitacións derivadas dos grupos que se formen atendendo á idade.

3- Cando un irmán ou unha irmá do solicitante teña praza renovada no centro, este será admitido/a automaticamente sempre que haxa vacante no grupo correspondente, reúna os requisitos esixidos para o ingreso e pertenza a un grupo de idade inferior.

Estes criterios de valoración poderán ser modificados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago.

Artigo 8º . Comisión de Baremación

Aplicaráselles a todas as solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Para

este efecto constitúese unha Comisión de Baremación e Selección composta polos seguintes membros:

Presidencia:

Concelleiro/a Delegado/a de Educación

Vocais:

Xefe de sección de Educación e Mocidade.

Un/unha representante do Departamento de Servizos Sociais.

Un/unha representante do Consello Municipal de Educación.

O/a director/a da Escola Infantil Municipal

Secretario:

Un técnico/a do Departamento de Educación e Mocidade

Os acordos tomaranse por maioría simple, resolvendo, en caso de empate, a

Presidencia, que exercerá o voto de calidade.

Artigo 9º . Relación provisional de admitidos

A comisión será competente para efectuar a proposta inicial de baremación e selección, así como para a fixar a contía a que deberán pagar ou a exención que se vai aplicar en cada caso e fará pública a relación provisional, coa puntuación obtida, de admitidos e excluídos. Esta relación exporase no taboleiro xeral do Concello de Santiago e na Escola Infantil Municipal de Conxo.

Artigo 10º . Reclamacións

Os solicitantes que o desexen poderán efectuar as reclamacións, debidamente documentadas, que consideren oportunas, no prazo de dez días contados desde a data de publicación da relación provisional.

Artigo 11º . Relación definitiva de admitidos/as e lista de espera

Unha vez que a Comisión estude todas as reclamacións presentadas, procederase á publicación da relación definitiva de admitidos/as e da lista de espera coa puntuación obtida en cada caso.

Os solicitantes admitidos recibirán notificación por escrito da resolución e disporán dun prazo de quince días para confirmar a súa praza e achegar a documentación complementaria.

Artigo 12º . Calendario e horario do servizo

a) A EIM de Conxo atenderá aos nenos e nenas de setembro a xullo de cada curso. Dado que na normativa autonómica se prevé un mes de vacacións para os nenos/as que asisten ás escolas infantís, e o mes de agosto é o máis utilizado polas familias para as súas vacacións, a EIM pechará durante o mes de agosto, agás que polo menos 10 nenos/as dos que asisten á ela precisen do servizo e así o xustificuen documentalmente mediante escrito que deberán achegar ao Departamento de Educación e Mocidade, a través do Rexistro Xeral do Concello antes do 15 de xuño.

En caso de que as demandas non cheguen ao número mínimo establecido buscaráselles unha solución a través dos sistemas que se consideren oportunos.

b) A EIM de Conxo permanecerá aberta desde as 7.30 ata as 20.30 h. En períodos de vacacións como o Nadal, Semana Santa e o mes de xullo, o horario da EIM é de 7.30 a 16.00 horas. De acordo cos servizos que ofrece a Escola poderá solicitarse:
Media xornada de mañá: 7.30 a 12.30 horas
Media xornada de tarde: 16 a 20.30 horas
Xornada completa: 7.30 a 12.30 horas / 16 a 20.30 horas

Comedor: 12.30 a 14 horas

Merenda: Incluída na xornada de tarde

Horario ampliado: 14 a 16 horas e para nenos/as que non son usuarios do comedor

pero permanecen no centro logo de rematar a xornada de mañá.

Pese á oferta anterior de horarios, o Departamento de Educación e Mocidade considera que non é conveniente a permanencia dos nenos e nenas na Escola

Infantil máis de 6 horas e media ao día; así mesmo, de acordo coa orde do 29 de febreiro de 1996 pola que se regulan os requisitos específicos que deben reunir os centros de menores e os centros de atención á infancia, evitarase que o neno/a prolongue a súa estada no centro máis de 8 horas diarias.

Os horarios de entrada e saída serán flexíbeis para axeitarse ás necesidades familiares e características da idade de nenos e nenas.

A EIM de Conxo expoñerá no taboleiro de anuncios os horarios específicos de entradas e saídas ao inicio do curso, unha vez aprobados polo Departamento de Educación e Mocidade do Concello de Santiago. Estes horarios non serán de aplicación en setembro, xa que este mes dedicarase ao proceso de adaptación dos nenos e as nenas á Escola Infantil.

ASPECTOS INTERNOS DE FUNCIONAMENTO

Artigo 13º . Persoal

En todo momento a EIM de Conxo contará co persoal que estableceza a lexislación vixente en función da ratio que esta mesma sinale.

A Alcaldía nomeará á persoa que exercerá a Dirección, a quen lle competarán as funcións propias do posto establecidas na normativa legal de aplicación a estes centros educativos e cesará nas súas funcións ao producirse algunha das seguintes causas:

Renuncia motivada aceptada pola Alcaldía.

Destitución decretada pola Alcaldía cando incumpra gravemente as súas funcións, logo do informe realizado polo Departamento de Educación e Mocidade e con

audiencia ao interesado/a.

Extinción da concesión do servizo.

Artigo 14º . Aspectos sanitarios

Os pais e nais están na obriga de comunicar por escrito á Dirección do centro calquera tipo de alerxia que padeza o neno/a a medicamentos, alimentos, ou outros que se consideren.

Con fin de evitar que a EIM sexa un foco de posíbeis infeccións, os nenos e nenas non poderán acudir a ela cando padezan algún proceso infecto-contaxioso e a súa incorporación á escola precisará dun informe do seu médico.

En caso de que o neno/a enfermara no centro, avisaríase aos pais/titores ou á persoa sinalada para casos de urxencia.

En caso de accidente, se non fose posíbel contactar coa familia, sería trasladado a un centro sanitario.

Cando o neno ou a nena precise que se lle administre algún medicamento, será necesario presentar a prescrición médica na que se indique a hora e dose.

Artigo 15º . Aspectos alimentarios

A dieta alimentaria dos bebés e a hora da última toma comunicarase por escrito ao centro.

A necesidade de dietas especiais para os usuarios do comedor serán estudadas en cada caso concreto.

Artigo 16º . Participación das nais e dos pais

A EIM de Conxo fomentará a colaboración de nais e pais co centro e as relaciónes co persoal deste, así como a súa participación nos órganos colexiados que puidesen crearse.

Artigo 17º . Expediente persoal

O centro disporá dun libro de rexistro de usuarios e usuarias e dun expediente individualizado para cada un.

Artigo 18º . Saídas do centro

Cada responsábel deberá especificar quen serán as persoas encargadas de recoller ao menor, para calquera saída do centro. Non se autorizará a saída do/a menor con persoas que non estean debidamente autorizadas.

Artigo 19º . Taxas

A determinación das taxas farase cada curso por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela.

Tanto na súa contía como nas modalidades de pagamento, terase en conta a normativa que cada ano regule a administración autonómica competente.

Durante o curso poderanse revisar as taxas, sempre que se produzan e xustifiquen variacións económicas ou familiares. Neste sentido, o usuario ou usuaria ten a obriga de comunicar calquera variación que se produza ao respecto.

Disposición derradeira

Naqueles artigos deste regulamento onde se faga alusión á normativa da

Comunidade Autónoma de Galicia, debe entenderse referida á que estea vixente en cada momento.